



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Comercio electrónico

CONVOCATORIA: Convenio de colaboración EGAP- INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA-3

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Coñecementos transversais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 09/10/2018 - 08:00h ao 18/10/2018 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O emprego xeneralizado das TIC fixo que se incrementara o denominado comercio electrónico, é dicir, a posibilidade de facer compras a través de Internet, o que presenta moitas vantaxes sempre que se faga de xeito seguro.

Obxectivos:

- Explicar os pasos a seguir para facer compras en internet dun xeito seguro e, especificamente, os aspectos máis importantes para evitar fraudes: identificación de páxinas seguras, dos distintos medios de pago, posibilidade de abandonar a compra, vantaxes e inconvenientes no emprego da banca electrónica na compra online.
- Habilitar ao alumnado participante para o manexo da ferramenta on line "Simulador de Compras" do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, co obxectivo de realizar compras seguras en internet.
- Coñecer os dereitos específicos das persoas consumidoras e como presentar unha reclamación no caso das compras efectuadas a distancia.

DESTINATARIOS

Persoal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Espazos Xoves e OMIX.

PROGRAMA

Modulo inicial: Presentación (2horas)

- Guía docente e presentación do curso

Módulo 1: O consumo na rede (3 horas)

- Estudo do denominado consumo na rede, con especial referencia aos hábitos e comportamentos máis habituais das persoas ao ter un acceso libre e prolongado á rede.
- Análise das novas formas de consumo que están en auxe.

Módulo 2: A seguridade das compras na rede (4 horas)

- Estudo dos pasos a seguir para realizar unha compra ou contratación segura por internet, proporcionando ferramentas que servirán de guía básica para navegar con seguridade.
- Identificación de páxinas seguras para mercar na rede.
- Correo non desexado e tipoloxías.
- Tipos de estafas e delitos nas compras en internet: como evitalos.

Módulo 3: A banca electrónica (3 horas)

- Concepto de banca a distancia. Vantaxes e inconvenientes da banca electrónica.
- Uso seguro de banca electrónica.
- Consellos específicos para efectuar transaccións bancarias.

Módulo 4: As vías de resolución de conflitos (3 horas)

Dereitos das persoas consumidoras.

Dereitos específicos das compras a distancia.

Como reclamar nas compras por internet.

Módulo 5: Manexo coa ferramenta do Simulador de Compras (3 horas)

- Coñecemento e formación específica no manexo do Simulador de Compras, coa finalidade de que o alumnado a poida empregar como ferramenta didáctica no seu propio ámbito laboral cun público destinatario concreto.

Módulo final: Conclusións e avaliación (2 horas)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os da Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro), pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 23/10/2018 a 23/11/2018

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 23/11/2018

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE